


B**T.C. 2 - 4****10,400
km****31° RALLYE SAN FROILÁN**

Acceso treitos

CANDAI

Para chegar á saída collemos no centro de Rábade (N-VI dirección A Coruña), no punto km 516,4, collemos á esquerda xunto á oficina de correos, a 300 m collemos unha rotonda de fronte pola 2ª saída cara Avifauna, a 2,3 kms, despois de pasar unha ponte sobre o río, collemos á esquerda cara Friol, a 700 m temos un cruce que seguimos pola mesma estrada, 700 m máis adiante collemos pola esquerda cara Reboreda, Pascuais; a 1,8 kms chegamos a unha zona de casas que collemos á dereita cara Candai e a escasos metros temos a saída.



da

Por este acceso á saída temos máis posibilidades. Unha possibilidade é seguir de fronte despois de pasar a ponte do río, en vez de coller cara Friol, a 100 m seguimos pola esquerda, a 500 m collemos cara a esquerda ca indicación Penas de Rodas, a 100 seguimos pola dereita, a 300 de fronte, a 200 chegamos onde unhas casas e collemos á esquerda cara Penas de Rodas, a 500 m chegamos ó fin do asfalto e entramos nunha pista de terra boa que seguimos sen desviarnos durante 600 m e logo comeza o asfalto de novo, tras 2,5 kms chegamos ó cruce da foto 4 que está na zona espectáculo de Gaioso. Outro acceso na estrada cara a saída esta seguindo á esquerda despois da ponte, tras 1,4 kms nun cruce que indica Reboreda e Pascuais á esquerda collemos á dereita, a 500 collemos á esquerda sen indicación xunto a un portal verde e logo de 1,4 kms chegamos ó treito nunha recta preto da saída.




ó acceso cara o cruce da foto 3.

Varios accesos parten dende a DP-16.11 entre Begonte e Friol. Un bo acceso témolo no km 59,3 un cruce á esquerda coa indicación Gaioso, a 400 m collemos á esquerda e a 300 m chegamos ó treito no cruce da foto 1, sitio calificado como Zona Espectáculo 1, xa que dende aquí vemos unha boa zona de treito con varios cruces para ver con moi pouco que camiñes.



un cruce á esquerda cara Candai que a 100 m temos o cruce da foto 3.

Máis accesos dende a DP-16.11 atopámoslos no km 56,3, á esquerda nun cruce sen sinal nun rasante, a 400 m de fronte e 100 m despois xiramos á esquerda xunto a igrexa, a 200 m temos un cruce con varias posibilidades, a primeira de elas e coller á esquerda cara Sto. Tomé por onde ós 1,7 kms temos o cruce da foto 2. Se no cruce con dúas posibilidades seguimos de fronte pola dereita a 3 kms sen desviarnos temos



HORARIOS

- **PECHE TREITO: 08:31**
- **PRIMEIRA PASADA: 09:31**
- **SEGUNDA PASADA: 12:52**
- **APERTURA ESTRADA: 15:30**
- **COORDENADAS GPS**
 - Saída (43° 5' 32'' N - 7° 40' 26'' W)
 - Meta (43° 4' 56'' N - 7° 40' 46'' W)